

LUNS 11 E MARTES 12 DE MAIO DE

2020

E case sen darnos conta...xa estamos a metade de Maio e...rematando o noso primeiro libro na casa!!!! O tempo pasa voando, pero antes de comezar coa nova unidade, esta semana teremos propostas diferentes para os derradeiros días xa que é a semana das Letras Galegas! O Venres, teríamos a tradicional Andaina Literaria organizada polo Concello, e terémolo que celebrar na casa, pero estou segura que se nos ocorrera algo para que teñades en conta a conmemoración aínda que non estañades no cole!

Pois imos aló coas propostas para hoxe e mañá, para comezar a semana con moitísima enerxía! Ánimo meus pequererch@s!

ACTIVIDADES:

- LUNS 11 DE MAIO:

- Ficha 19: GRAFOMOTRICIDADE!

Comezamos cun traballo moi sinxelo de grafomotricidade para ir quentando motores e aproximándonos de novo o fondo mariño...que vedes nestas fotos? Como se chaman os seres vivos que aparecen? Son todo peixes? Seguramente, a súa forma recórdavos a algunha figura ou obxecto. Explica a cal e a continuación pega os gomets que corresponde en cada cadrado, para despois repasar os trazos, xa sabedes, primeiro a lapis despois a rotu! E si, pode ser de cores ☺ Como se pon na descrición, cando rematedes podedes pegar nalgún dos trazos, e eu vou a ir máis aló...

A que letras vos recordan os trazos feitos? Sí! Á “S”, “s” e á “C” “c.” Escribide estas letras coas vogais, e intentade silabealas! Despois escribe o nome dos animais mariños abaixo da súa fotografía.

No reverso, completa os trazos que acabades de facer.

PROPOSTA!

A partir dunha forma xeométrica ou a forma dun obxecto que vos guste... create nun folio o voso peixe co material que queirades: colorear con

ceras, rotus, témperas, pinturas...pegade gomets, papeliños, purpurina...deixade voar a vosa imaxinación! Claro está que o voso peixiño para sobrevivir terá que estar na auga, así que create tamén o voso fondo mariño, coas algas, que pode ser lá, estrelas, area.... espero poder ver as vosas grandes creacións! Seguro que non defraudan!

E agora...por que non facer unha réplica con plasti? Animádevos! Seguro que saen figuras preciosas!

Déixovos un vídeo para que coñezades o fondo dos mares moi interesante!

<https://www.youtube.com/embed/wAvGuJAAAM0>

- Ficha 20: SI ES PERO NO ES...

Como se fosen adiviñas, tedes que dar coa fotografía que corresponde a cada acertixo...necesitaredes algo de axuda, pero xa postos, porque non vos animades á ler despaciño as frases propostas coas imaxes...eu creo que xa podedes! Cando as resolvades, debedes recortar as fotografías que aparecen abaixo da páxina e pegalas no cadrado que corresponde. Aproveita, e escribe o nome de cada elemento debaixo.

Imos aproveitar esta actividade para escribir un pouquiño as vogais, e propóñovos completar con axuda as palabras seguintes:



M _ R _ P _ S _



G _ S _ N _



M _ N Z _ N _



P _ C _ R _



_ L _ F _ N T _



M _ M _ D _ R _



_ R _ Ñ _



L _ P _ Z _



B _ L L _ N _



L _ M _ N _



C _ R _ C _ L _



_ B _ J _



G _ T _



F R _ T _ L L _



P _ L _ T _



T _ N _ D _ R _


	d		d	
	g		ll	
	t		x	
	p		ñ	
	n		b	

	m		n	
	l		n	
	f		c	
	g		t	
	b		t	


	m		n	
	l		n	
	f		c	
	g		t	
	b		t	




C




S




B



T




F




C




Y




G



R



S



- **MARTES 12 DE MAIO:**

○ **Ficha 21:** PENSAMIENTO CREATIVO!

Nesta actividade tócanos pensar un pouquiño e intentar resolver un gran conflito que está a sufrir Cora! Pero antes, ímonos a preparar para concentrarnos mellor...e cantaremos a canción de... “Silencio...silencio...si yo fuera silencio...me quedaría así....shhhh...” Botade un anaco en silencio e despois responder a estas preguntas: que fariades se vos encontrades en unha situación que non sabedes resolver? Como cruzariades un río sen mollarvos? Pódese cruzar o mar?...

Pois estas dúbidas son tódalas que ten Cora na situación que está na ficha e...tedes que axudala a resolvelo!! Así que intenta debuxar como ti cres que pode chegar a outra pedra, estou segura que tedes moitas ideas! Despois debuxa peixes no río...ou se queres...algún cangrexo, estrela ou...quenlla! ☺ porque coa túa idea fixo que Cora non vai caer!

E agora seguimos pensando... vouvos a propoñer unha historia...e a ver que fariades vos!

“Marco estaba na casa xogando cando de pronto, deuse conta de que quedara cos seus amigos na piscina. Saíu da habitación e cando foi a coller as chaves veu que estaban nunha estantería á que non chegaba... Que faría Marcos?” Axudádeo...e despois de resolvelo, intenta debuxar a situación que imaxinaches.

○ **Ficha 22:** INICIACIÓN A LA RESTA:

Seguimos adentrándonos nas operacións básicas e neste caso na resta! Debedes de contar os animais que hai e cantos quedan despois de que algúns se vaian...xa sabedes que RESTAR É QUITAR! Escribide o número que corresponde abaixo, para que así podades tamén ser conscientes de que se vai para atrás na serie numérica!

Centrándonos nas imaxes describe que animais son os que se presentan e cales son as diferencias entre uns e outros e o lugar onde viven.


Despois intenta buscar un animal que viva no Polo Norte e pícao ou recorta para pegar xunto cos pingüiños, e outro que viva na area, para facer o mesmo xunto os cangrexos!

A continuación propoño que fagades un divertido xogo para ter na casa e practicas as sumas e restas cando vos queirades.

XOGO MATEMÁTICO CON PINZAS

- Material:
 - Plantilla cos números para colorear.
 - Cartón para reforzar.
 - Pinzas de madeira pequenas.
 - Rotuladores de cores.
 - Pegamento.
 - Tesoiras.
- Procedemento:





www.papelisimo.es

Subirei pronto actividades para que practiques sumas e restas pero de momento...tedes suficiente!

UN BICO MOI GRANDE!